

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 27 DE FEBREIRO DO 2006.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseite de febreiro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio (ausente), Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 20 de Febreiro do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- ESCRITOS OFICIAIS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito da Confederación Hidrográfica do Norte, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 24.02.06, polo que se comunica ao Concello a incoación de expediente sancionador contra Jose Munín por realización de obras consistentes en desvío da canle do regato, entubamento de parte da nova canalización, sen contar coa previa e preceptiva autorización administrativa deste organismo, e apertura de pozo, incumprindo a obriga de comunicar a dito organismo as características do emprego que se pretende, na paraxe denominada Camiño da Fonte do Seixo, en Esposende, termo municipal de Ribadavia.”

“Escrito da Confederación Hidrográfica do Norte, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 23.02.06, polo que se achega a proposta de resolución recaída no expediente sancionador incoado por dito organismo contra o Concello de Ribadavia por realización de obras consistentes no depósito de pedras na canle do río Cerves, levada a termo sen contar coa preceptiva autorización administrativa de dito Organismo, na paraxe denominada O Baniño, en Prexigueiro, no termo municipal de Ribadavia, e na que se propón a imposición ao Concello da contía de 90,15 euros, en concepto de multa.”

“Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, de data 21.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día

23.02.06, polo que se comunica que a solicitude remitida por parte do Concello á Delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense na que se interesaba a presenza dun técnico para determinar a idoneidade duns terreos para ubicar a construción dun novo cemiterio, foi remitida por dito Organismo ao Servizo Provincial de Urbanismo por considerar que era competencia de esta Unidade, se ben, o Servizo de Urbanismo considera que tal e como se formula a petición refírese mais ben a aspectos da licenza de actividade que é de competencia da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, sen prexuízo das competencias sectoriais que en materia de policía sanitaria mortuoria teña atribuídas o correspondente Órgano da Consellería competente na materia.”

“Escrito da Consellería de Medio Rural (Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, de data 13.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 22.02.06, polo que se notifica que se aprobou, con data 8 de febreiro de 2006, o acordo de concentración parcelaria da zona de Santo André de Camporredondo que está exposto nas dependencias do Concello de Ribadavia e nos lugares de costume da parroquia, achegando copia da ficha das atribucións que lle corresponden ao Concello aos efectos de posible recurso de alzada.”

“Escrito da Dirección Xeral de Transportes (Servizo Provincial de Transportes de Ourense), de data 20.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 22.02.06, polo que se comunica a modificación parcial de horarios nalgunhas das liñas de expedición da concesión V-7043 XG-417, entre Ourense e Ourense por Tamallancos, O Carballiño, Ribadavia e Barbantes con anexos, e se achega cadro de horarios modificados que afectan a este Concello.”

“Escrito da Xefatura Provincial de Tráfico de Ourense, de data 16.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 21.02.06, polo que se comunica a existencia do vehículo matrícula OR-9858-M, marca Rover 214, que se atopa abandonado dende fai varios meses dentro da zona de dominio público N-120, PK- 592,5, correspondente ao termo municipal de Ribadavia, e se solicita que se proceda a adoptar as medidas contempladas na normativa correspondente para a retirada e depósito de dito vehículo.”

“Escrito da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Secretaría Xeral), de data 15.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 21.02.06, polo que se comunica a este Concello a resolución recaída no recurso de reposición interposto por don Celso González Rodicio.”

“Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de data 22.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 27.02.06, polo que se solicita que no prazo dun mes dende a recepción do escrito se remita a dita Delegación Provincial, debidamente cumprimentado para cada un dos puntos de vertido incontrolado detectados no Concello, o modelo oficial que se envía por correo electrónico, co fin de proceder a súa inclusión no inventario que elaborará a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de cara a unha futura licitación dos servizos requiridos para proceder a

súa eliminación. Por outra banda, tamén se comunica o procedemento a seguir no caso de que no Concello exista unha zona de acopio de residuos da construción e demolición.”

“Dáse conta do escrito do Xulgado do Contencioso-administrativo número dous de Ourense, de 22 de febreiro de 2006, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 27.02.06, polo que se comunica ao Concello que no Xulgado séguese **recurso contencioso-administrativo- Procedemento Abreviado núm. 47/06-C**, a instancia de don José Pérez Prieto, contra a resolución da Alcaldía do Concello de Ribadavia de data 2 de xaneiro de 2006. No escrito sinálase o día 18 de abril de 2006, ás 10 horas da mañá, para a comparecencia das partes na Sala de Audiencias do Xulgado do contencioso-administrativo núm. Dous de Ourense, sito na Praza de Concepción Arenal, S/N, planta baixa, e requírese a remisión no prazo de vinte días do expediente administrativo, completo, foliado e debidamente autenticado, acompañándose dun índice dos documentos que conteña, debéndose notificar nos cinco días seguintes a resolución pola que se acorda remitir o expediente, previamente a súa remisión, a cantos aparezan como interesados nel, emprazándoos para que poidan persoarse como demandados ante dito Xulgado no prazo de nove días, con remisión das xustificacións dos emprazamentos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, dáse por enterada, e acorda:

Primeiro.- Remitir o expediente administrativo ao Xulgado completo, foliado, debidamente dilixenciado e cun índice comprensivo dos seus documentos.

Segundo.- Emprazar a cantos aparezan como interesados co fin de que poidan persoarse como demandados.

Terceiro.- Nomear como avogado para dita causa a don Angel Pazos Huete.”

## **5.- CUESTIÓNES ECONÓMICAS.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente ao exercicio 2006, por importe de 208.179,11 euros. Do mesmo modo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ao presente exercicio económico entre o 1 de Marzo e o 5 de Maio de 2006.”

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

